

PEGADAS ROMANAS EN GALICIA

IMOS VER ALGÚNS EXEMPLOS DE RESTOS ROMANOS NA NOSA COMUNIDADE, HAI MOITÍSIMOS MAIS E TODOS ELES OS PODEREDES VISITAR CANDO TODO ESTO REMATE. SE CLICAS EN CADA IMAXE ESCOITARÁS EN QUE PROVINCIA GALEGA SE ATOPA CADA UN.



ESTA FOTOGRAFÍA PERTENCE O CAMIÑO DE SANTIAGO (O CAMIÑO PORTUGUÉS) Ó SEU PASO POR PORRIÑO (PONTEVEDRA) É UN EXEMPLO DE CALZADA ROMANA.



A MURALLA ROMANA QUE RODEA A CIDADE DE LUGO É A ÚNICA DO MUNDO QUE SE CONSERVA ENTEIRA.



POLA SÚA SITUACIÓN ESTRATÉXICA, CONSTRÚESE EN CORUÑA A TORRE DE HÉRCULES PARA GUIAR AS EMBARCACIÓNS.

O SEU AUTOR FOI O ARQUITECTO CAYO QUE DEDICA A SÚA OBRA AO DEUS DA GUERRA MARTE, TAL E COMO SE PODE LER NUNHA INSCRICIÓN AO PÉ DA TORRE.



A PONTE LUBIÁNS MARCA O LÍMITE ENTRE OS CONCELLOS DE CARBALLO E CORISTANCO (A CORUÑA). CON POUCO MÁIS DE DOUS METROS E MEDIO DE ANCHO, É UN DAS PONTES HISTÓRICAS MÁIS ESTREITAS DE GALICIA.

A PONTE LUBIÁNS LEVA A IMAXINACIÓN Á ÉPOCA DAS GRANDES CALZADAS ROMANAS.



ESTE LUGAR EN PORTO QUINTELA, NO MUNICIPIO DE BANDE, OURENSE, É UN DOS ESCASOS LUGARES DO MUNDO NOS QUE UN SE PODE DAR UN BAÑO TERMAL GRATUÍTO DE DÍA E DE NOITE, EN POZAS, PISCINAS E BAÑEIRAS ABERTAS BAIXO O CEO. EN ÉPOCA ROMANA, A EXISTENCIA DE AUGAS TERMAIS ERA UN FEITO DE VITAL IMPORTANCIA PARA A POBOACIÓN CIVIL E MILITAR, XA QUE ERA COSTUME O SEU APROVEITAMENTO TANTO LÚDICO COMO TERAPÉUTICO.

PODES BUSCAR OUTROS MOITOS LUGARES ONDE OS ROMANOS DEIXARON AS SÚAS PEGADAS EN GALICIA